


a fiestra do illa



Triana Blanco Pintos

curso 2008/2009

“OLLANDO POLA FIESTRA”

Outro ano máis no IES despedindo o curso 2008/09. Despedindo alumnado, profesorado ... Marta, María Xosé ..., coñecendo a Patricia, Loli ... Todos os cursos empezan con benvidas e rematan con despedidas: estréanse os de 1º da ESO e vanse os de 4º.

Esta publicación pretende recoller as pegadas que todos imos deixando no noso "ILLA" e que co paso do tempo teñades nas vosas mans esa lembranza, para cando a memoria falle: artigos, actividades realizadas, fotos dos compañeiros/as ...

Agardamos que disfrutedes do material que recollemos este ano e agradecemos a colaboración de todos cantos participaron e colaboraron para que esta revista siga adiante e sexa un pouco de todos nós.



“ALGO QUE DICIR”

En primeiro lugar queremos mostrar a nosa preocupación e sorpresa pola situación que se está a xerar con respecto á lingua. Unha situación de axitación que non ten razón de ser pois carecemos de datos que avalen a existencia de malestar no sistema educativo por culpa de termos dúas linguas.

Parécenos que esta controversia ten unha raíz política e cremos que en ningún caso a política debe inmiscirse na educación.

Está máis que demostrado que o problema do sistema educativo non universitario en Galicia non é a existencia da lingua galega. Todo o contrario, o contar con dúas linguas é, evidentemente, enriquecedor e así o demostra, por exemplo, a sondaxe PISA: o alumnado galego remata os seus estudos cunhas competencias máis asentadas.

Isto demostra que se está creando un conflito onde non o hai: nunca houbo ningún problema de aprendizaxe no alumnado por “culpa” do galego.

Por outra banda, a promulgación do decreto 124/2007 que agora se quere derrogar non produciu no mundo educativo rexeitamento; satisfizo unha aspiración que era un desexo maioritario: que as dúas linguas oficiais en Galicia estivesen en pé de igualdade nas aulas.

É un decreto que dá cumprimento non só á Lei de Normalización Lingüística, senón tamén ao propio Estatuto de Autonomía.

O Estatuto recolle no seu artigo 5 o dereito a coñecer a lingua propia da Comunidade Autónoma.

Coñecer a propia lingua non é “sabela” como unha lingua estranxeira.

Coñecer a lingua propia é poder usala en todos os ámbitos e niveis (culto, familiar e vulgar), pero tamén coñecer e usar a súa terminoloxía lingüística, técnica ou científica.

E non será unha pena ou case un delito furtarlle ao noso alumnado a posibilidade de adquirir ese coñecemento?

Porque, queiramos ou non, o castelán está aí moi preto na internet, nos xornais, na televisión, pero o galego coidado e culto só se pode atopar na escola.

Deámoslle á nosa mocidade a oportunidade de aprender. Sempre é mellor ter e saber dúas (ou máis) linguas ca unha: o saber non ocupa lugar e prepáranos para aprender máis e mellor.

Por todo isto adherímonos a todos os manifesto e actos, especialmente da CGENL, que denuncian a intención das autoridades de cambiar a situación presente e volver a discriminar o galego en vez de camiñar cara á normalización completa.

Departamento de Lingua e Literatura Galega/ ENDL.



Maria del Mar Prieto Otero 4ºB nº 14.

PRADOLONGO



Pradolongo é unha produción galega que os rapaces/as do IES San Simón tivemos a sorte de poder ver no multiusos da Xunqueira.

Esta película galega fala de tres amigos: Martiño, Raquel e Armando. Teñen vidas moi distintas: Martiño vive nunha casa da aldea cos seus pais e o seu irmán, que quere vender tódalas terras da familia, onde Martiño vai cos seus amigos. Raquel, a rapaza intelixente, é amiga dos dous rapaces e vive coa súa nai. Armando é un rapaz rico que o ten todo.

Esta historia dá como resultado unha marabillosa película.

David 3º A

A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Cada día, máis de 100 mulleres son vítimas da violencia de xénero, das cales poucas buscan unha solución. Temos que ser conscientes da gravidade do asunto, porque as vítimas non son só as mulleres maltratadas, senón os familiares e os seres queridos que sofren ao ver este tipo de violencia.

Por iso habería que tomar medidas e levalas a cabo, o ideal sería comezar a ser consciente da situación de maltrato que estamos sufrindo, e darnos conta de que hai que buscar unha solución, rompendo o silencio sobre o tema con xente de moita confianza, como amigos ou familia, e acudir a profesionais que nos axudarán a buscar un bo remedio.

Por último, e non por iso menos importante, debemos denunciar de inmediato ao agresor que tanta dor nos causou, e facer todo o posible por afastarnos del para non poder ver máis o seu rostro. E así, pouco a pouco, ir retomando unha vida normal e esquecer todo o sucedido. Aínda que non sempre todo sae ben, moitas mulleres maltratadas, por moito tempo que pase, sempre terán secuelas tanto físicas coma psicolóxicas. O tempo non axuda a curar feridas profundas, só axuda a acostumarse á dor. Non cometes o erro de aguantar e ser unha vítima máis.

Lucía Anuska Balseiro Koolman 4º B

ENTREVISTA A RAFA

-Que che pareceu o instituto?

Un instituto pequeniño con moi bo ambiente. É a primeira vez que traballo nun instituto e a experiencia foi moi boa. Estou contento, se puidese repetir, repetiría.

-Que che aportou o paso por este instituto?

Moitísima experiencia. Dar-me conta do que supuxeron os sete anos que pasaron dende que eu deixei o instituto. Pensei "Oh!, que vello son!" Deime conta dalgunhas cousas nas que non pensara sobre o que vai ser o meu traballo nos próximos anos, se sigo, que nunca se sabe.

-Con quen tes mellor relación?

Se tivese que destacar a alguén, a María José (paso moito tempo con ela), Sonia (mates), Manoli (aínda que me contaron que Manoli non pensou en min para isto...), Vero, Chuco...

-Gustaríache quedar aquí?

Depende. Por un lado son consciente de que o ambiente noutro sitio non ten porque ser tan bo. Por outro lado tería graza dar bacharelato. O ano que vén repetiría, pero terei que ir-me achegando a Santiago por motivos persoais. É unha pena a localización, pensando onde teño a maioría dos meus amigos.

-Alguén deixa especial pegada en ti?

Os profesores son os meus primeiros compañeiros de instituto, e os alumnos tamén son os primeiros que teño. Supoño que deixarán unha pegada, boa enténdese...

-Balance do teu primeiro ano:



É moi bo. Agora penso en decisións que tomei, cousas que fixen ou deixei de facer e penso "madre mía!", pero a cousa é ir aprendendo.

-Gústache ler?

Si, se puidese ler máis, lería máis, quero dicir que agora acostumeime a ler menos do que lía antes de determinadas obrigacións e por vagancia, que tamén hai que dicilo. O último libro que lin foi o libro no que está baseado a serie Dexter. Chámase "El oscuro pasajero", de Jeff Lindsay, pero ultimamente leo libros de matemáticas (aínda que menos dos que debería...).

-Un libro, unha película e unha canción:

Vou dicir un conxunto, ao mellor non diría estes por separado, pero en conxunto diría a película "The Fountain", paréceme preciosa (é un parecer, aviso, porque a moitos amigos meus non lles gusta nada de nada). O director é Darren Aronofski, que fixo tamén "Requiem for a dream", que está moi ben. A película ten asociado un cómic que tamén se chama "The Fountain". A canción da banda sonora, "Death is the road to awe", de Clint Mansell, é preciosa!

Por separado cancións: Wake up, Rebellion ou Tunnels do disco Funeral de The Arcade Fire; Cemetery gates, Five minutes alone, I'm broken ou Revolution is my name de Pantera; Hoppipolla e Saeglopur de Sigur Ros, A tout le monde de Megadeath, moitas de Metallica, Extremoduro... Películas: Eternal Sunshine of The Spotless Mind, Los Goonies, Déjame entrar (banda sonora boísima), Atrapado en el tiempo, El gran Lebowski, Where The wild things are (aínda non está estreada, pero ten unha pintaza...) Mr. Nobody tampouco está estrenada, pero ten moi boa pinta tamén. Series: Dexter, A dos metros bajo tierra e Perdidos (acaba de rematar a 5ª tempada!, xa non sei por onde vai tirar!, Que loucura!); deberiades velas en versión orixinal, en inglés. De libros digo cómics: Watchmen, Preacher (Predicador), Maus, 30 días de noche (e pegadas).

-Soños de futuro:

Pois supoño que seguirei tentando investigar (espero que con máis ganas para o ano) e se funciona, ben, e se non funciona... eu estou contento agora, aínda que me dá moita pena non darlle unha oportunidade, máis que nada por ver ata ónde dou chegado poñendo a funcionar a cabeza. O meu director de tese non andará moi contento co meu traballo, pero este ano foi un pouco raro así que... aínda penso ás veces en cómo tería sido todo se tivese continuado este ano coa bolsa de formación e tivese prorrogado a incorporación ao instituto, pero xa non hai volta atrás!

Por outro lado gustaríame aprender máis alemán (espero retomalo para o ano) e seguir dándolle ao inglés, que todo se esquece rápido... e para un futuro máis inmediato teño pensado marchar a Alemaña cuns amigos unha semana, a xogar unha especie de campionato de fútbol, aínda que iso non é o mellor da viaxe. Xusto á volta irei de camping e, se conseguimos organizalo, faremos unha viaxe por España un par de amigos da facultade e máis eu. Tamén é posible unha visita a unha amiga que estará o ano próximo en Carolina do Norte dando clases (aínda que este último está máis complicado por buscar unha data). Aburrido non vou estar...

-E unha pregunta que cause furor: Como che gustan as mozas?

Non sei... depende de cada persoa, coñeces á xente e non depende dun patrón, é simplemente.. é algo difícil de explicar, non é unha cuestión física. Ao principio todo entra polos ollos, pero despois coñeces á persoa e... a saber! Parécenme atractivas mozas moi distintas entre si. Ademais, xa levo moito tempo coa miña moza. A cousa sería mirar para ela, pois será que me gustan así!

Hai unhas actrices que me encantan, por boas actrices e por que me parecen guapísimas. Rachel Weisz (que é a protagonista de "The Fountain"), Kate Winslet (protagonista de "Eternal Sunshine of the Spotless Mind") e Jennifer Connelly (protagonista de "Requiem for a Dream").

Carmela e Sara 4º C

UNS CANTOS LIBROS

Para os que vos gusten os libros de fantasía aquí tedes uns cantos:

1. Memorias De Idhüm: os que os guste ler esta é unha boa triloxía que fala de dous adolescentes especiais que viaxan a un mundo non coñecido por ninguén, nese mundo so vivían criaturas mitolóxicas cheas de poderes nunca antes vistos. Estes libros poden parecer un pouco grosos pero unha vez que empezas a ler os libros de Laura Gallego García, a súa forma de escribir farache ler cada vez máis.
2. O Hobbit : aos fans do Señor dos Aneis este libro vaivos encantar porque fala dos comezos da historia de Bilbo Bolsón co seu anel. Esta historia fantástica está creada por J. R. Tolkien.

Se vos gustan outro tipo de libros tamén tedes estes:

1. Anxos e Demos: este é un libro que fala dun investigador que presencia un asasinato e ó investigalo descobre que foi feito por un tipo de secta contra a igrexa. Este libro está feito pol o mesmo autor que o Código Da Vinci.
2. O neno do pixama a raias: este libro fálanos dun neno de familia nazi, que vive cerca dun campo de concentración, e que por unha serie de incidentes morre xunto con outro nenos xudeus.

Se vos gustan os libros de sempre, aquí tedes uns clásicos:

1. A volta ao mundo en 80 días: seguramente a maioría de vos xa listes este magnífico libro de Julio Verne, que trata dun home que di que pode viaxar por todo o mundo en 80 días.
2. 20.000 leguas de viaxe submarino: este libro tamén é de Julio Verne e fálanos dun home chamado Nemo que creou un submarino para conseguir algo imposible e para acabar o seu plan decide coller uns homes que pasaban polo medio do océano.

Diego Rodríguez Ramil 3º C

REDONDELA

Redondela dende que eu estou vivo sempre tivo tres cousas malas:

O río Alvedosa, a depuradora e a praia de Cesantes.

O primeiro o río Alvedosa leva contaminado 16 anos e nese período de tempo nunca as persoas ou ao Concello deulle por limpalo. Está cheo de algas, botellas e ... patos que debido a contaminación non sobrevive ningún.


Outro factor, a depuradora. É boa para nós xa que limpa a auga e lévaa ás nosas billas

potable, pero o que pasa é que está cerca do noso colexio e hai días que cheira peor que un cortello cheo de merda.

Por último a praia de Cesantes, o que lle pasa é que ninguén a vai limpar e está chea de botellas, papeis e alga. Cando está alta a marea nótanse pouco e a xente báñase igual pero cando está baixa non hai ninguén que se bañe alí. En vez de limpala fixeron un paseo para a xente, pero quitaron un aparcamento espacioso que sempre se enchía cando na praia ía bo tempo.

Borja 4º A

EXPOSICIÓN “ As nosas palabras, os nosos mundos”



O 27 de outubro de 2008 fomos ver unha exposición chamada “ As nosas palabras, os nosos mundos “. O que vimos engadiu moito ao que estamos dando agora en Galego, e tamén un puko dos outros anos, como: as cantigas, os Séculos Escuros, o Rexurdimento, ...

Nada máis comezar vimos unha pantalla na que se proxectaban os distintos códigos da comunicación: signos, sons, iconas, ...

De seguido, encontrábase un panel no que se explicaban os comezos da escritura: antes facíanse debuxos nas rochas, que se chaman petroglifos.

As escrituras máis antigas que conservamos están na chamada pedra “ Rosetta “, atopada en Exipto.

Despois había uns paneis postos en ringleira nos que se explicaba a historia da lingua galega e as distintas fases que pasou (a verdade é que os paneis pendurados do teito resultaban un pouco incómodos de ler). Logo explicábanche como o galego pode estar presente na nosa vida: nos estudos, no traballo, namorarse, comunicarse, crear, rir ou xogar.



A continuación estaba un sementeiro de palabras e explicaban como nós temos moitos termos para denominar a chuva, porque aquí chove moito.

Tamén había uns televisores onde nos amosaban a utilidade do galego en internet, series, música, etc...

Uxía Pérez 4º A



GÚSTAME – NON ME GUSTA

Gústame: o chocolate, o arco da vella, Martín Rivas, o fotolog, sacar boas notas, cantar, ler, ir de compras, os meus profes, as miradas cómplices, as comidas da miña nai, durmir ata tarde, os animais (e máis os recién nacidos), a miña familia, ter a carteira chea, a cor rosa, comer en xeral, La Fuga, a froita, conectarme ao MSN, os tigres, pensar (non sempre), o ceo, Barcelona, espertar con música, a praia, os sorrisos (e máis os de Alba), os postres, os meus cans, Fusco, os meus ollos, este instituto, que gañe o Barça (e que marque Bojan), Galicia, os coellos, a miña axenda, as conversacións con Bea e Dani, rir, "*Mais o que ben quixo un día*", o meu fular rosa, as clases de educación física, axudar, a cor azul, a ximnasía rítmica, que se acorden de min, escoitar, Chad Murray, as clases de Lence, Piratas del Caribe I, Peter Pan e Campanilla, a filosofía, Jessi (a de clase), o meu vestido negro, o coche do meu primo, Obama, *Dous tontos moi tontos*, as colonias, os caramelos, a amabilidade, Disney, Aída, Suecia, os idiomas, as clases de música, o entroido, o verán, a F1, o meu pantalón branco, o galego, o surf, a saúde, mirar pola fiestra, Leonardo Dicaprio, o amor correspondido, as merendolas, as flores, estar con amigos, as cancións con Xeila, os xeados, o olor a gasolina, *Dous homes e medio*...

Non me gusta: os bordes, as comidas crúas, rifar, as malas novas, o abuso de

poder, chorar, a prepotencia, as arañas, que me controlen, algunha xente do instituto, a hipocresía, que me rifen, a inxustiza, agobiarme, botar de menos, erguerme cedo, as mentiras, o lixo na rúa, enfadarme, Miguel Bosé, que me piquen os bichos, que me ignoren, Cuarto milenio (xeralmente), que non se recicle (sobre todo papel), que manexen á xente, aburrirme, perder algo, sentir como pasa o tempo, as guerras, a indiferencia, as miradas asasinas dalgúns (por exemplo a de Toñi), a falta de respecto, a incompreensión, facer as cousas rápido, a monotonía, o vértigo, a impotencia, Bush, desesperarme, a globalización extrema, o consumismo, *Pesadilla antes de navidad*, o pesimismo, sentirme soa, o frío, o tabaco, que me griten, a chuvia, non poder durmir, as moscas, o alcohol, que non se valoren as cousas, deber algo, a maldade, o apoucamento, que as cousas non saian ben, o conformismo, estar moi cansada, o puré, engordar, que se vaia a auga quente cando me estou duchando, que non me deixen facer algo, as drogas, a violencia e agresividade, o favoritismo, a desigualdade, Vodafone (que me tima), ter frío ao erguerme, o radicalismo, a tristeza, a libertinaxe, esquecer a axenda, que o fútbol mova tantos cartos, o egoísmo, que a miña princesa se autocastigue, que me doa algo, non entender as cousas, ter medo.

Carmela 4º C

ENTREVISTA A ÍÑIGO

P: Chegou vostede a pensar que no seu segundo ano neste centro acadaría o posto de director?

R: *Non, evidentemente non, porque cando cheguei había un equipo directivo establecido que funcionaba perfectamente.*

P: É moi difícil exercer o traballo como director neste instituto?

R: *Difícil non é a palabra. Teño a sorte de ter a colaboración de todos os estamentos, pero difícil non é. O malo é que perdes o tempo libre.*

P: Preferiría ser soamente profesor?

R: *Estaba moi contento o ano pasado sendo só profesor e este ano teño menos tempo para adicarme ás matemáticas.*

P: Como lle pareceu o seu primeiro ano no centro?

R: *O curso pasado moi ben, pero non era exactamente o primeiro ano, xa que estivera no 2000-2001 dando clases aos alumnos de diversificación na casa do conserxe.*

P: Canto tempo leva exercendo esta profesión?

R: *Poderíase dicir que corenta, xa que aos catorce anos xa daba clase. Recomendaba o ano pasado que se tiñades primos pequenos, irmáns, sobriños... que podíades axudarles e ensinalles matemáticas. Formalmente, non tanto, levo vintedous anos e, como profesor de matemáticas dende o 2000.*

P: Pensa vostede que deberían engadirse novas normas?

R: *Se cadra eu pensaría que si, pero todos os expertos que me faloron este ano dixeron que normas hai bastantes e hainas que cumrlir. Non comer chicle, non falar en clase,... En xeral, non hai que molestar.*

P: En que outros institutos traballou?

R: *Por orde: I.E.S Mendiño, I.E.S Coruxo, I.E.S de Mos e I.E.S República Oriental de Uruguay.*

P: Ten vostede moitas visitas de alumnos no seu despacho diariamente?

R: *Máis das que quixese, evidentemente, pero non moitas.*

P: Cre que os alumnos de hoxe en día son respectuosos?

R: *Non coñecen o respecto, non saben o que é.*



P: Sabe os apodos que lle puxeron ao longo da súa vida?

R: *Supoño que moitos. Batas, evidentemente, bombillas...En Mos falaban de min referíndose ao aeroporto.*

P: Era vostede de pequeno bo en matemáticas?

R: *Si, moi bo*

P: Cales son as súas afeccións ?

R: *Deporte da mañá á noite. Agora non practico deporte pero o fixen. Hockey, sobre todo, aínda que tamén fútbol, balonmán... O deporte profesional tenme moi queimado, pero sigo bastante ao Celta B.E e tamén o equipo da vila na que estea, neste caso, o Choco.*

P: Cree vostede que atopou bos compañeiros neste instituto? O máis cercano?

R: *Diso estou seguro. O máis cercano non sabería dicilo, Sonia Iglesias, Anxo, Rafa, é dicir, os compañeiros de departamento. Este ano, moito máis con Miguel, Sonia, Luís Conde...*

Anécdotas...

Neste instituto, o ano pasado. Aínda que xa estivera aquí, ninguén me coñecía e eu tampouco coñecía a case ninguén. Só ao antigo director, a Miguel...

P: Pensa vostede que vai seguir neste centro moitos anos?

R: *Creo que si , polo voso ben.*

Vanessa e Salomé 3º A

ONTE FOI UN DÍA NORMAL

Onte foi un día normal, sen sobresaltos inesperados, no que a miña maior preocupación era a probabilidade dalgún pequeno incidente nunha operación á que se sometía o meu avó, ou se cadra o enfado dun amigo que eu non lograba entender.

Mentres o día seguía o seu curso éstas eran as miñas máximas inquedanzas...e eu, claro está, fun visitar ao meu avó ao hospital. Tiña pouco menos que unha festa na habitación, sen dores, e a súa intranquilidade era a ausencia de viño na cea. Unha visita agradable e unha preocupación menos. O meu irmán quixo ir cear e alí fomos os dous, concretamente ao Corner Hut que está ao lado da Plaza Elíptica, en Vigo. Ceamos tranquilos falando sobre crise e política...esforceime por entender o funcionamento do meu país, os bancos, a crise...o mundo.

Aínda inmersa nestes pensamentos saín da bocatería hacia o coche. A présa, debido ao intenso frío da noite e ás ganas de chegar a casa. Calefacción, cama, televisión...e esvaíanse da miña cabeza tódalas complicacións e imperfeccións do planeta.

Nesas me atopaba cando por casualidades da vida a miña mirada desviouse á dereita. E alí, no chan, había alguén...había alguén sentado, tal vez tapado cunha manta, tal vez tiña algunhas pertenzas como compañía, tal vez...nin sequera o recordo. Nese intre a miña mente quedou en branco e o meu corazón encolleuse de súpeto. Non conseguía apartar a mirada desesce, mais non me parecía...correcto quedar mirando. Dirixín a vista ao coche, así e todo, non puiden evitar volver atrás a cabeza unhas cantas veces...e sentín...ganas de chorar...sentín tristeza, impotencia...sentín noxo hacia...¡todo! E a miña cabeza encheuse novamente de pensamentos. Mentres o meu corazón tentaba recuperarse e a miña boca non atopaba palabras, á miña mente ocurriuselle que eran moitos os "sen teito" que nese intre descansaban en distintos recunchos de Vigo. E non soamente de Vigo, senón de toda a provincia...de Galicia, e...¿qué é Galicia? ¿Teñen importancia para o mundo os vagabundos do pequeno territorio de Galicia? A cifra cobrou un valor moitísimo menor. África, Irak, Palestina, Colombia...E pregunteime se é máis importante un fogar...unha alimentación asegurada...saúde...ou se é preferible simplemente tranquilidade, a calma de poder vivir cada día sen saber que, involuntariamente, eres partícipe duha guerra, que en calquera momento todo pode voar polo ar...

- ¿Cánto gastaches nas rebaixas?- preguntoume o meu irmán ao saber as miñas sensacións. Calei, o feito feito está.

- E agora teño unha excursión pendente...

- ¿Vaste ir de excursión sabendo que hai xente morrendo de fame?

- 500 € non dan de comer nin sequera a unha persoa.

- En vacinas poden salvar varias vidas- sentenciou o meu irmán.

E a alma caíame aos pés. A imaxe que acababa de presenciar provocara en min un alude de sentimentos e pensamentos. Sobre todo estaba chea de impotencia. Sen embargo...¿de verdade non podo facer nada? As dúbidas asaltaban a miña cabeza mentres aquel pobre home daba voltas entre elas. ¿Cómo chegaría a esa situación? Se cadra hai un mes era un traballador con casa, coche...con calefacción, cama e televisión, e con preocupacións coma un enfado sen maior importancia ou unha pequena operación.

Carmela 4º C

PROBAS ATLETISMO





UNHA ENCICLOPEDIA MOI ESPECIAL

Estaba tranquila na miña casa cando de súpeto chaman a porta. Fun abrir, era un vendedor ambulante. Ofreceume unha enciclopedia, como vin que era a última que lle quedaba e tiña aparencia de pobre, compreilla. Cando marchaba díxome “coidaa ben, é moi especial!”, eu non lle dei importancia e deixei enriba da mesa. Despois duns minutos decidín botarlle unha ollada, collina e abrín pola definición de mar, de súpeto aparecín no medio da auga, pecheina rapidamente e deixei. Logo por curiosidade volví abrila, esta vez pola definición de selva e aparecín na selva. Despois entendín por que o vendedor dicía que era moi especial.

Mercedes 4º B

AS CENTRAIS NUCLEARES SON PERIGOSAS

O gran problema das centrais nucleares son os gases que expulsan xa que son perigosos para a poboación. Poden provocar varias enfermidades, como por exemplo, diversos tipos de cancro. Estes gases tamén son malos para o medio ambiente porque os residuos tóxicos moitas veces son botados a ríos ou enterrados e son moi difíciles de desintegrar.

Ten máis problemas, como por exemplo que son moi sucias, moi caras e para a poboación

do seu arredor supón estar cun contínuo mal olor.

Para rematar con estes problemas, temos que pensar que existen moitas máis enerxías que non teñen tantos inconvenientes, como poden ser a eólica, a solar, a hidráulica... Estas teñen o beneficio de que son renovables.

Mercedes 4º B

A CONTAMINACIÓN

A contaminación é un dos primeiros problemas da actualidade. Esta vén orixinada por moitas causas: O fume (de queimar o lixo), os vertedoiros (que cada vez están mais cheos), o fume dos coches (xa que cada vez hai mais). Tamén producen moita contaminación as fábricas, os incendios que moitas veces son intencionados polos mesmos gardas forestais, para facer máis horas e outras veces os lumes son fortuitos debido a despistes ou a accións irresponsables.

A sociedade consumista na que vivimos produce gases tóxicos como os esprais, os herbicidas etc,.. Que contaminan o planeta (atmósfera, solo, as augas...) e ocasionan graves problemas ambientais e respiratorios. A solución non é única é dicir, igual que as causas son varias as solucións tamén. Ante todo é necesario tomar conciencia do problema empezando por reciclar, usar máis os medios de transporte público, usando menos gases tóxicos e facéndose un pouco máis responsables cando vas de excursión ao monte.

As árbores son as que producen o osíxeno e sen elas non poderíamos vivir.

María Cabaleiro 4º B

GÚSTAME – NON ME GUSTA - II


Gústame

Que me esperten dándome un bico, que me traian o almorzo a cama, ducharme pola mañá, facer deporte todos os días, estar deitado escoitando música na cama, Simple Plan, Leona Lewis, ser puntual cando podo, os postres da miña nai, o cocido da miña avoa, a banda deseñada, as novelas de intriga, deitarme na cama e pensar, falar cos meus amigos, saír os fins de semana, que a xente non lle falte ao respecto aos demais, a comida italiana, as esculturas, nos cadros de Goya e Velázquez, pasar o Nadal coa miña familia e cos que me queren, viaxar, andar por lugares por onde nunca andei, o campo, a praia, bañarme no mar de noite, mirar as estrelas deitado no campo, que me dean unha aperta e un bico cando o necesito, todas as estacións, a neve, os xogos de mesa que a xente sexa simpática, as películas e sobre todo as de medo e acción, os exames fáciles, comer pipas, ter algunha mascota a poder ser un camaleón, comer ben, a roupa, os animais, o xamón, o Barça, deitarme tarde e o balonmán.

Non me gusta

Que me esperten gritándome, a guerra, o egoísmo, a covardía, a prepotencia, que me fagan cóxegas, que a xente sexa antipática, que me queiran só polo que teño, os exames difíciles, que non lle teñan aprezo aos demais, que chova cando teño que saír, estar só, que lle falten ao respecto aos demais, o tabaco, os pementos, as setas, ducharme con auga fría (gústame cando é en verán), erguerme cedo, a tauromaquia, que os animais salvaxes non estean libres, o Real Madrid, que as persoas se aproveiten dos demais, a política, a discriminación das persoas por pensar ou ser diferente, os programas do corazón, ter que traballar moito na casa, as ditaduras, algúns peixes, os nenos mimados, que a xente gañe as cousas por influencias, que a xente fume ao meu lado, a violencia de xénero, que a xente se drogue e levantarme cedo.

Roberto 4º A



ENTREVISTA A MANOLI

1. Gustalle o seu traballo?

Moitísimo, porque me gusta o contacto coa xente, as persoas, os nenos, os pais.. Porque é un traballo de coordinadora, mediadora.. nos distintos sectores.

2. É difícil ser coordinadora neste instituto?

Neste instituto non, pero noutros si, seino por compañeiros. Eu conto coa axuda do equipo directivo, o cal facilita as miñas funcións.

3. De onde é vostede?

De Zamora.

4. Se puidese elixir, que asignatura gustaría lle gustaría exercer?

Lingua e Literatura Castelá. Encántame a poesía.

5. Cando foi o seu primeiro ano no centro?

Hai dez anos, pero non solicitei o cambio a outro centro.

6. Canto tempo hai que exerce esta profesión?

Uff.. Dezasete anos [Meu Deus!]

7. Pensa vostede que deberían engadirse novas normas?

Novas normas? (Pensativa) Se cumprísemos as normas que hai, este centro funcionaría perfectamente.

8. En que outros institutos traballou?

No Johan Carballeira en Bueu e en colexios de Educación Primaria en Nigrán.

9. Ten vostede moitas visitas diarias de alumnos ao seu departamento?

Si, uns remitidos polos seus titores, outros polos pais, outros de motu propio e outros porque o precisan.

10. Pensa que os alumnos de hoxe en día son respectuosos?

En xeral si, creo que a xuventude ten uns valores [Ten fé].

11. Sabe vostede os alcumes que lle puxeron ao longo da súa vida?

Eu penso.. E a min como me chamarán?.. [Mariloly!]

12. En que era boa de pequena?

Destacaba en Lingua e Literatura, apaixonábame facer comentarios de texto.



13. Cales son as súas afeccións?

Ir ao teatro, ao cine..

14. Atopou bos compañeiros neste centro?

Moi bos, son todos estupendos, os meus amigos son Sonia (Inglés), Toñi, Javier (Música) e Domi, pero os demais son magníficos compañeiros.

15. Cre que terían que pór unha piscina no instituto?

Non creo que sexa o lugar adecuado, hai un pavillón que potencia as actividades extraescolares.

16. Pensa que de aquí poden saír grandes profesionais?

Ah, si, si, si. Hai moi bos estudantes e algún ou algunha brillante.

17. Ten algún alumno/a favorito/a?

Os meus favoritos son os de Diversificación e Apoio porque son alumnos que se esforzan por conseguir os seus obxectivos.

18. Está de acordo coas instalacións do centro?

Non, dende o primeiro día que cheguei ao centro atopei infraestructuras moi pobres. Non temos un salón de actos e cando nos reunimos cos pais hai que facelo na biblioteca; a aula de apoio é moi pequena...

19. Pensa que vai seguir moitos anos no instituto?

Espero seguir moitos anos porque teño a colaboración dos compañeiros.

LEMA DE MANOLI: Sempre saír de aquí cun sorriso.

Luna e Carmen 3º A

GÚSTAME NON ME GUSTA – III

Gústame

Saír cos meus amigos, saír pola noite, ir ao cine, ir de compras, que me escoiten, que se preocupen por min, durmir, falar polo móbil, conectarme ao messenger, sacar fotos, ir de vacacións, o verán, a calor, o mar, o río, a praia, a noite, a lúa chea, as estrelas, pasear pola praia de noite, visitar sitios novos, os animais, os espaguetis, o Nestea, sentir medo, escoitar música, coñecer xente nova, que me digan sempre a verdade, axudar á xente, estar sempre rindo, os poemas, as películas de terror, recibir agasallos, practicar deportes de risco, xogar a Wii, os ollos azuis, soñar...

Non me gusta

Que me mintan, anoxarme cos meus amigos, que se anoxen comigo, que me rifen, ter que erguerme cedo, sentirme soa, perder a xente que quero, a morte, chorar, a choiva, o inverno, o frío, o vento, as verduras, o peixe, o marisco, os exames, ter que estudar, suspender, a violencia, a xente egoísta, a xente covarde, a xente que non pensa nos demais, que falen mal das persoas que quero, ver mal aos meus amigos, que se mordan as uñas, que me castiguen, que se rían de min, as matemáticas...

Uxía 4º A

OS ACCIDENTES DE TRÁFICO

O ano pasado faleceron nas estradas aproximadamente 2.500 persoas.

O estado puxo en marcha hai dous anos o carné por puntos, e grazas a iso os condutores concienciáronse moito máis e observouse un descenso notable dos accidentes e vítimas mortais. Tamén fan moi a miúdo campañas de seguridade vial como: Ponle freno, o uso do cinto de seguridade, non falar polo móbil conducindo...

Nas cidades hai varios causantes dos accidentes: un moi visible é que os peóns non cruzan por onde teñen que facelo nin respectan o seu semáforo. Tamén como hai pouco sitio onde aparcar, e por comodidade e non buscar un sitio mellor, a xente aparca en dobre fila ; o que dificulta a visibilidade tanto dos condutores coma dos peóns.

Pero os accidentes máis graves prodúcense por diversas causas, e normalmente nas estradas comarcais e nacionais, xa que é onde normalmente máis rebasamos a velocidade permitida, soen ser estradas con menor visibilidade e peor pavimento.

O uso dos aparatos tecnolóxicos, como poden ser o móbil e o gps, producen distraccións incompatibles coa conducción segura.

E o peor inimigo de todos é o alcohol, porque fai perder reflexos e a capacidade visual.

Andrea Del Río Casal 4º B

SAVE THE CHILDREN

Salvar aos nenos un ano máis? Por que non? UN CURSO MÁIS, UNHA CARREIRA MÁIS. Os nosos alumnos poñen todo o seu empeño en axudar a outros nenos que non coñecen pero saben que pasan dificultades e teñen unha vida que é moi distinta á súa. E son tan conscientes diso que retratan deste xeito o seu senso:

" En comparación coa nosa vida os nenos de Níxer non teñen comida todos os días e nós pola contra comemos ata cinco veces no día, e algúns máis.

Nós podemos ver a televisión, ir ao cine, ... e eles non teñen nin colexios para estudar. Ademais os nenos de Níxer non teñen atención médica, e nós cando temos algunha enfermidade imos ao médico ou se nos pasa algo imos a urxencias que nos atenderán".

Rosalía Lago Cordeiro 3º A



O 11 de novembro, Día dos Dereitos do Neno, na Alameda da nosa vila, "profes" e alumnos correron con todas as súas ganas. A implicación foi cen por cen, así recadamos 1054,6 euros.

Grazas á colaboración de Domingo pola posta a punto deste proxecto, a Toñi por ese tan desexado refrixerio, a Gene que sempre está connosco, a todos os profes e alumnos participantes, ao Concello, en especial a Belén que contactou coa prensa, e a Protección Civil por contribuír a que esta actividade se desenvolvese tan satisfactoriamente.

GRAZAS A TODOS POLA VOSA COLABORACIÓN.

Manoli del Palacio - Departamento de Orientación





ILLA DE SAN SIMÓN

Era unha mañá de setembro do 2005. Unha rapaciña de mediana idade, con cabelos longos, ollos marróns e de estatura media, camiñaba fronte ao que ía a ser o seu novo colexio durante catro anos. Todo era novo para ela; o delegado, as chaves da clase, ter un profesor para cada asignatura, ter francés, o instituto, os profesores, a cafetería, dous encerados e un no que se escribe con rotulador, os recreos, nos que xa non se xoga a “pita” nin ao “chupulé”, o pavillón, o patio, a cor do instituto, en fin, todo era novo para ela. Comezábase a sentir maior.

O tempo transcorría e cada vez acostumábase máis a ese cambio na súa vida. Todo lle parecía ben menos dúas cousas: o francés e os profesores. A moi poucos deles tíñalles cariño e aínda por riba, odiaba o francés, unha asignatura totalmente nova para ela. Sempre ía desmotivada ao instituto, sobre todo cando lle tocaba con algún profesor que non lle agradaba, ou ben cando había francés.

O tempo ía moi rápido e xa estaba en 2º da E.S.O, con moitos profesores novos, entre eles o de música e a de lingua castelá. Íalle collendo cariño a ese instituto. Cada vez gustáballes menos o francés de Toñi e as matemáticas de Uxío. Pola contra, encantábanlle as loucas clases de música con Javier e as de lingua con Nuria, cheas de risas pero á vez de moito traballo. O instituto empezaba a cobrar sentido para ela.

O tempo pasaba, cada vez máis e máis rápido, cando de súpeto, estaba en 3º da E.S.O. Este curso para ela, foi o que realmente cambiou a súa forma de pensar sobre o instituto, xa que comezou de 0 como si estivese noutro. Asignaturas novas, xa non tiña francés, a maioría de profesores novos, reformas no cole, etc... Comezaba a ser unha moza e froito diso, reflexionou. Deuse conta de que botaba de menos a Toñi e a súa asignatura, esa que tanto odiaba o ano pasado. Arrepentiuse moito de non collela

neste curso, xa que o francés empezáballe a gustar. Neste ano, tivo que tomar unha decisión moi grande, xa que se tivo que decidir entre letras ou ciencias.

Comezou o seguinte curso, 4º da E.S.O. Último ano no Illa de San Simón. Estaba asustada xa que o seu futuro escomezaría aquí. Eran 13 alumnos na súa clase. Tiña medo. Enfrontábase ao latín, á cultura clásica e á historia, tres asignaturas co mesmo profesor que aínda por riba, dáballes medo. Estaba tan arrepentida por non ter francés o ano pasado, que a asignatura volveu rondar con normalidade no seu horario, pero dáballes medo. Dáballes medo tamén galego, con ese tal Xosé Luís que segundo dicían era tan malo; ao igual que Luís, o de historia. En fin, dáballes medo todo, mentres que agora, esa rapaciña do 2005 son eu, a dous meses de marcharme do instituto, enfrontándome día a día á historia, cultura, latín, francés e galego, sen ter medo de nada e de ninguén, estando neste instituto como mellor estiven na vida, sen odiar a ningún profesor e por suposto, sen quererme ir.

Sinceramente, creo que xamais esqueceréi todo o vivido neste instituto, xa que son experiencias únicas e inexplicables, e o cariño que lle teño aos profesores, é aínda máis inexplicable. Aprendín moitas cousas aquí, moitas delas dos profesores, así que só podo darlles as grazas e demostrarlles que forman gran parte da miña vida e son como os meus pais. Porque, un pai ensínache moitas cousas da vida que non che ensinan os profesores e viceversa, pero entre os profesores e os teus pais, aprendes o que é a vida. Ademais, creo que os profesores forman gran parte da miña vida non só porque me ensinaron, senón porque os quero.

Rematando, creo que vai ser imposible que me esqueza de nove horas con Luís, ese home ao que admiro tanto e que me dá tres asignaturas. Ese que dirán que é malo, pero

realmente non o é, soamente é un moi bo profesor e dubido que haxa moitos como el dando clase.

Como me vou esquecer do de galego, ese home que fai do galego un mundo, ese tan riquiño que me vai facer chorar moito o día de fin de curso, por non falar do de música, ao que quero como o meu mellor amigo e máis.

E como me vou esquecer da profe de inglés e os seus cotilleos ? Esa coa que estiven enfadada moito tempo (e ela comigo), aínda que agora xa fixemos as paces. E tampouco me esqueceréi do de lingua, do de ed.física, da de ética, de Miguel sempre falando en inglés, do pobriño de mate, ese ao que torturamos día a día, aínda que agora nos portámos mellor, e como non, da de francés. Esa muller que me ensinou a querer esa asignatura que tanto odiaba e que agora o meu futuro xira en torno a ela e os idiomas. Creo que é unha das profesoras que sempre

recordarei, tanto polas súas clases, como polo boa persoa que é.

Por suposto, xamais esqueceréi a Loreto e a Manoli, mulleres que me axudaron moito, nin a Sonia a de inglés coas frases, a Sonia a de mate quedando con nós pola tarde e chamándonos por teléfono, a Nuria cos seus poemas que aínda recordo, a Gene coa teoría, a María José cos seus bicos e polas risas que nos botamos xuntas, a Marta, a Elvira, a Mónica a de plástica cos seus debuxos abstractos, a Javier o de tecnoloxía, aínda que nunca nos levamos moi ben, a Pachi co hormiguero, a Fran Paco e Iván... a todos. Creo que o Illa é unha etapa máis da miña vida, unha moi importante para min, que me marcou. Unha etapa que lle contarei aos meus netos falándolles de todos vós.

I.E.S Illa de San Simón, sempre no meu corazón.

Laura 4º C



O MEU" MELLOR / PEOR" MOMENTO NO ILLA.**4ºA**

- Hugo: O meu mellor momento no IES foi o primeiro ano da ESO, xa que daquela os profes eran "guais".
O peor, ... todas as veces que suspendín.
- Yago: O mellor foi o primeiro ano. Non me esforcei nada, e así sigo ...
O peor foi cando caeu o tellado e fomos dar clase ao Mendiño.
- Diego Blanco: O mellor foi cando caeu o tellado, xa que grazas a iso perdín uns exames.
O peor foi cando suspendín unha materia por primeira vez.
- Adrián: O mellor foi cando aprobaba sen dificultade e tiña todo o tempo para facer o que quería.
O peor foi cando tiven que comezar a estudar máis porque os exames se complicaban (sobre todo agora, os de historia).
- Diego José: O mellor foi 1º. O colexio non era tan esixente coas amoestacións e o pasabamos xenial na clase todos os días.
O peor os días que meus pais viñan falar coa titora.
- Xella: O mellor todos os momentos que tiven cos profes que agora xa non están.
O peor cando marcharon os mellores profesores : Fran Paco, Juan Carlos, Iván, ... e tamén cando teña que marchar eu.

- Daniel: O mellor é moi difícil de escoller xa que neste centro pasei moitos momento, tanto bos como malos. Pero sen dúbida algunha o mellor foi unha das veces que viaxamos ás Cíes (sen que os profesores me botaran bronca, cos meus amigos, na praia e no mar).
O peor foi hai dous anos, cando peor me portei, que por acumulación de amoestacións case me botan do colexio.
- Roberto: O mellor foi cando cheguei ao instituto. Tiña moita ilusión por comezar as clases e “volverme maior”.
O peor será cando marche e xa non estea aquí, quedando no pasado moitos momentos bos que vivín neste instituto.
- Borja: O mellor e comezar todos os anos un novo curso no que coñezo xente.
O peor é ter clase pola tarde.
- Javier: O mellor foi cando aprobei todas en 3º.
O peor foi cando repetín 2º.
- Miguel: O mellor este ano na clase que teño. Os bos momentos que pasamos, que aínda que non teña ganas de vir á clase sei que con eles aquí pasoo moi ben.
O peor foi o primeiro ano de 3º que fixen porque repetín, aínda que grazas a iso os seguintes cursos foron os mellores.
- Mauro: O mellor creo que foi o último día de clase do ano pasado, que pasamos toda a mañá xogando ao póker e comendo.
O peor foi o primeiro día de 1º cando me separaron da meirande parte da miña antiga clase.
- Carlos: O mellor foi cando en 3º aprobei todas e pasei para 4º.
O peor son os exames de Historia.
- Alexandre: O mellor sempre serán todos os compañeiros que tiven durante todos os cursos. Tamén todos os profesores que estiveron e xa se foron.
O peor ... non teño moitos, pero foron os primeiros días no instituto. Na presentación estaba moi nervioso, e aínda por riba non me tocou con ningún dos meus amigos. Estaba nunha das peores clases.
- Andrea: O mellor foi neste último curso, cos compañeiros.
O peor cando teña que marchar e perda aos novos amigos.
- Pablo: O mellor foi pasar de 1º a 4º aprobando todo.
O peor foi cando tiven que ir a setembro para recuperar Música.
- Uxía: O mellor foi en 2º. Tiña a mellor clase, eran todos xeniais.
O peor é agora en 4º ao pensar que vou ter que despedirme deste instituto.
- Lucas: O mellor foi a caída do tellado e as clases pola tarde.
O peor foron as primeiras clases con Luís, o de Historia.

4ºB

- Anuska: O mellor foi a clase do ano pasado, 3º A. Foron moitas risas e moitos momentos divertidos cos compañeiros.
O peor foron os minutos de silencio que por desgraza tivemos que facer.
- María Cabaleiro: O mellor foi todo o curso de 2º, polo titor Alberto Montenegro, e polos meus compañeiros de clase.
O peor foi cando Anxo, o profe de 3º de mate, nos dixo que se marchaba.
- Pedro Cabaleiro: O mellor foi no cambio de cursos xa que me tocou cos meus amigos.
O peor foi cando suspendía os exames, e tamén nas avaliacións.
- Lucas Castellano: O mellor foi 1º ... de risas con Juan Carlos.
O peor en 3º con certas discusións con Loreto.
- Mercedes: O mellor foi cando ía en 3º e gañei a medalla de bronce en salto de lonxitude, aínda que só fosemos tres.
O peor foi cando Montenegro nos dixo que ía marchar a outro instituto.
- Andrea: O mellor foi o ano pasado. Encantábame a clase, cada día era diferente.
O peor foi cando empecei a suspender.
- Miguel: O mellor foi cando lle estivemos comendo o coco a Alicia para facer unha merendola e un día sen avisar aparece ela con bolsas de comida e bebida. Montamos unha pequena festa, botando unhas risas.
O peor quizais foi cando repetín curso e deixei de estar cos meus amigos de toda a vida.

- Arancha : O mellor foron 2º e 3º da ESO
O peor ... as notas de 4º.
- Pablo: O mellor ... son todos os días do curso.
O peor será marchar deste instituto.
- Manuel: O mellor foi o cambio de clase de 6º de Primaria a 1º da ESO.
O peor é o momento antes dos exames.
- Abraham: O mellor en 2º ... xogando cun radiador avariado. Acabamos empapando a clase e enchoupando o chan.
O peor foi a bronca que nos botaron o xefe de estudos e o director cando o viron.
- María Míguez: O mellor foi cando nos levaron de excursión ás Cíes en 3º, porque estivemos alí todo o colexio todo o día.
O peor foi cando marchou Iván, o profesor de Bioloxía, para outro colexio.
- Pedro J.: O mellor foi pasar de 3º a 4º.
O peor ... cando non saiba a nota dun exame.
- Mar : O mellor foi no corredor de 1º e 2º con Paula e Lucía, xogando a facer o tolo ata que tropecei e caímos Paula e eu ao chan
O peor foi nunha excursión a Pontevedra, caín polas escaleiras dun museo. Desgrazadamente quedei tirada no chan e mo estiveron lembrando todo o curso. Aínda que agora ás veces tamén mo lembran.
- Luís: O mellor foi a viaxe a Madrid co centro. Ese día foi memorable.
O peor foi cando caín de fuciños no corredor.
- Lucas Rodríguez: O mellor foi a caída do profe de Música na clase, explicando.
O peor foi cando me dixeron que me tocaba na mesma clase que Luís.
- Javier: O mellor foi cando voou o tellado do centro e quedamos sen clase.
O peor foi cando repetín 3º.
- Óscar: O mellor foi cando en 3º recuperei Matemáticas en setembro e puiden pasar de curso.
O peor foi cando o profesor de Música me suspendeu inxustamente.

4ºC

- Sara : O mellor foron os ensaios do Entroido deste ano e a mellor clase da miña vida foi 2ºB. O peor foi o ano pasado cando Anxo, o profe de mate, marchou. Pero, eu aquí tiven moitos momentos bos.
- Jacinto: O mellor foi cando Mario bailando lle deu co puño na cara á profesora de Ética. O peor foi o 19 de xaneiro, o primeiro día de clase despois do accidente.
- Carmela: Non podo escoller un mellor momento aquí, sería poñer por debaixo moitos instantes de gran felicidade. O peor aínda está por vir, andará polo vinte e tantos de xuño de 2009. Grazas.
- Marta: O mellor foi cando caeu o tellado do colexio e souben que ao longo desa semana non ía ter clase. Pero tamén tiven moitos máis dentro deste colexio. O peor ... se teño que ser sincera tiven tantos que me é difícil lembrar, pero un deles foi cando nos comunicaron que Alexandra morrera. Aínda a pesar de que non a coñecía moito ...
- Jéssica: O mellor ... pois, foron todos. Desde o momento no que entrei por primeira vez ata o momento no que saía. Aquí vivín moitos momentos especiais, madurei e levo moitos recordos. Cando remate o curso botarei todo isto de menos pero nunca esqueceré o vivido. O peor ... o día 19 de xaneiro de 2009 ... paseino moi mal, a morte de dous rapaces era recente. Aínda que, o peor momento penso, mais sen estar segura, que está por vir, o 23 de xuño remata o curso. Nunca esqueceré esta etapa da miña vida.
- Mario: O mellor foi no festival de fin de curso de 1º, con Fran Paco, Juan Carlos ... Ademais paseino de coña cando fixemos o de CQC. Eu de "guardaespaldas" ... boísimo!. O peor aínda non o tiven, pero fixo que está por chegar ... o peor será o último día.

- Sonia: Eu vin doutra cidade na metade de curso de 3º, pero fun moi ben acollida por dúas persoas. A unha delas perdina, pero á outra sempre a tiven ao meu lado. As dúas repetimos e coñecemos a unha persoa que agora é moi importante para nós. É o mellor que me levo deste instituto, pero nunca esquecerei todos os momentos vividos neste lugar e sei que a elas, Jessi e Mariana, nunca as vou perder porque as quero de verdade.
O peor cando tiven momentos malos con persoas que eran insignificantes para min. Neses momentos paseino mal, pero todo o bo vivido faime esquecer eses momentos tan amargos.
- Adrián: O mellor foi coñecer a moitos profesores, algúns bos e outros non tanto, que me fixeron sentir ben e poder chegar ao curso no que estou, 4º. E tamén continuar na mesma clase os catro anos, cos meus amigos da infancia.
O peor foi ter que participar nos concursos de Entroido, coa vergonza que teño. E outro, aínda que non sucedese, ter que despedirnos o último día da xente porque é o noso último ano aquí.
- Laura: O mellor foi cando entrei en 4º e empecei a levarme ben cos profesores. O mellor é collerlles cariño a todos e sacar, ademais de profesores, amigos.
O peor será cando me teña que ir en xuño e despedirme de todos os profesores.
- Paula: O mellor día no instituto foi o día que entrei nel. Aí empezou unha nova etapa chea de boas cousas que nunca se esquecerán. Pero, se hai algo imposible de borrar son os festivais de Entroido e fin de curso nos que case todos os alumnos e profesores participan. Eses momentos eran moi divertidos, e sobre todo cando a miña clase gañaba polo bo traballo feito en equipo.
O peor ... creo que non o hai. Houbo algún momento con Uxío, o profesor de Matemáticas, xa que suspendín a súa materia e eu non lle tiña moito aprecio. Pero a pesar de todo, sei que non atoparei outros profesores que se preocupen tanto polos seus alumnos e vounos botar moito de menos o día que me vaia. Ese será sen dúbida o peor momento.
- Arabia: O mellor foi este ano cando todos os alumnos de 4º nos xuntabamos para preparar o desfile, para gañar cartos. Gustoume porque estabamos todos xuntos preparando algo, aínda que de cando en vez tivemos algún que outro malentendido, conseguimos solucionalo. E no momento do desfile estabamos todos desexándonos sorte uns a outros.
O peor ... a verdade é que non teño peores momentos. Si é verdade que tiven diferenzas con compañeiros e tamén con algún profesor, pero conseguín levalo. Por iso, desde o primeiro momento en que entrei no instituto – chea de nervios- ata agora, foi bo. Non hai nada tan malo como para poñelo aquí. Sei que botarei de menos este instituto.
- Mariana: O mellor... é difícil de decidir. Foron moitos momentos e non hai un especial. Creo que os mellores momentos foron cando coñecín a esas persoas tan especiais que me axudaron en moitos problemas e continúan ao meu lado.
O peor ... foi máis ben o meu peor semestre. Foi cando pensei que sería un gran ano rodeada dos meus amigos, pero esta idade é moi traizoeira e convertéronse en inimigos. Fixéronme moito dano e acabei soa. Non foi un bo ano, pero iso fíxome mellor persoa e moitísimo máis forte. Pero todo o ocorrido, sexa bo ou malo, tamén conta para o teu futuro (non só o aprendido nos libros).

4ºDC

- Pedro: O mellor foi o primeiro ano de diversificación e coñecer aos meus compañeiros de clase.
O peor repetir 1º.
- Diego: O mellor, o ano de 3ºB. Paseino moi ben ... e coñecer xente nova.
O peor foi o ano en que repetín, perdín un ano ... pero non me arrepinto, e tamén o que tiven que estudar para algunhas materias.
- Beatriz: O mellor foi darme conta de que de verdade a ESO faríame falta ao longo da vida.
Grazas aos profesores por axudarme!.
O peor foi pasar de todo e non querer estudar ... e ter que aturar a demasiada xente.
- Eloy: O mellor foi cando Pedro intentou "fugarse " do colexio, saltando pola fiestra ... e nisto apareceu Toñi diante del.
O peor foi o 19 de xaneiro ...
- Noelia: O mellor sen dúbida os meus anos en "diver". Non os cambiaría por nada e tampouco aos meus compañeiros, incluído Eloy. Tamén ter a Iván de profesor, que sen dúbida é único ... e algunhas cousas máis.
O peor a despedida do profe Iván e agora a de Marta ... e algunha "bronquiña" con Carolina.
- Bárbara: O mellor foi o compañeirismo durante todos estes anos, as amizades e os profes que tiven.
O peor foi suspender e ter que recuperar en setembro.
- David: O mellor foi cando ía en 3º DC cuns compañeiros excelentes, sobre todo Sergio, e cando Eloy saltou pola fiestra. Que ben o pasei ese curso, que risas ...
O peor foi cando repetín. O esforzo que tiven que facer para sacar as pendentes , arrepíntome de non ter estudado ... e grazas a Carolina por axudarme a sacar as pendentes.
- Sergio: O mellor foron os "follóns" en 1º e 2º, e os dous anos en "diver" ... e coñecer a Carolina.
O peor que se fose Iván e que Marta non remate este ano no centro.

- Carla: O mellor foron os primeiros anos, coñecer xente nova e facer amigos.
O peor estar tanto tempo neste centro e que cada ano marche xente, que cheguen os pequenos do colexio ... e que se fose Iván.
- Lucía: O mellor foron os anos de Diversificación, coñecer a todos os meus compañeiros e pasalo ben todos xuntos. Non cambio estes anos por nada.
O peor foi a despedida de Iván, un dos mellores profesores que hai ... e o curso que repetín.
- Pedro Besada: O mellor foi o primeiro ano que estiven en Diversificación e coñecer aos meus compañeiros de clase.
O peor foi repetir 1º.






Asubio



Bó




Certo



Diversión



Elixir




Fermoso



Galicía




Helio




Ilustración




Lercha



mouro



nervio



ñú




Oráculo



PEDRO™



queixo



Ría



Sol



Talude



U-lo



Veleno



Xe



Zeltia


- Pedro J. © 2009. -4B

MAGOSTO



ENTROIDO





CONCURSO LITERARIO

Xa van alá dez anos desde que xurdiu esta iniciativa do concurso de narrativa no noso IES. A participación do alumnado sempre resultou motivadora para seguir adiante e darlles un espazo aos inquedaos talentos literarios que descubrimos cada novo curso. Desta vez as gañadoras son tres mozas moi noviñas, pero cheas de imaxinación, ás que animamos desde estas páxinas para sigan regalándonos historias.

Queremos agradecer a colaboración da ANPA ,que todos estes anos formou parte do xurado e patrocinou o primeiro e o segundo premio do concurso.

Agardamos seguir disfrutando desta actividade e que pasedes un bo rato lendo os relatos que se publican na revista.

Os nosos agradecementos a todos os participantes e animalos a seguir escribindo para que o vindeiro ano poidamos descubrilos nestas páxinas.



1º PREMIO : Ana González Rivera 2º B**MANOLIÑO, INVENTOR**

Eu chámome Manoliño e son ... inventor. Si, non vos riades, invento aparellos que lles fagan a vida máis doada aos nenos. Vouvou presentar o meu primeiro invento, chámase: "CATIUSCO". Mais non vos vaiades confundir pensando que se trata dun libro que, en vez de favorecer, aburre con tanta e tanta letra.

O "Catiusco" serve para facer que os profesores e as profesoras, só nos días de exames, teñan que ir ao baño todo o tempo; o que nos permite quedar sós durante o tempo da proba para poder intercambiar opinións ou botarlle un ollo aos apuntamentos. Entendédesme, verdade?.



Este aparello funciona grazas a un mando a distancia . Colócase unha chapa pequerrequiña enriba da mesa do profesor, actívase e éntranche unhas ganas de mexar que rebentas e tes que saír correndo.

Pois ben, o outro día probei o meu invento co profesor de ciencias naturais, que como xa vos teño dito é un pouco pesado e non para de falar e falar, ata tal punto que leva sempre na man unha garrafa de auga de cinco litros como se dun can San Bernardo se tratase. E claro, como bebe tanto, o asunto fóiseme un pouco das mans, porque ao profesor non lle deu tempo de chegar ao baño e mexou polos pantalóns. Como podedes imaxinar, as gargalladas escoitábanse por toda a clase. O pobre fixo esforzos para poder disimular, pero aquilo non había xeito de tapalo. A verdade é que me deu un pouco de mágoa por el, pero logo fun probando co resto dos profesores e profesoras e claro, como non bebían tanto coma el, fun logrando o efecto desexado: deixábannos sós durante o exame.

O caso é que como o invento funcionou tan ben puxen un anuncio na miña páxina web (www.Manoliñopernassucias.com), que dicía así : " Estadés fartos e fartas de estudar? Se a vosa resposta é si, que saibades que está á venda na botica da miña nai (rúa Cantoneiro 10, Redondela. Pontevedra) o revolucionario "Catiusco", que serve para espantar aos profesores nas horas dos exames".

Recibín moitísimos correos pedíndome detalles polo miúdo do meu revolucionario invento. Pasei horas e horas diante do ordenador intentando dar resposta a aqueles estudantes.

Para que vexades que é certo o que vos conto, direivos que unha noite na que me deron as tantas diante do ordenador, a miña nai púxose histérica e comezou a berrar e a tirarme cousas desde a súa cama, que está xusto na habitación defronte á miña.

Non obstante, tiven un pequeno/gran problema, non contara con tanta demanda e non tiña aparellos suficientes para tanta xente.

Mais, pronto atopei un axudante para a miña empresa: era un pouco raro e cheiraba mal, pero era un "as" fabricando aparellos. Polo que, pronto puidemos dar resposta a todos os pedidos.

Pasou un mes e comecei a gañar moitos cartos. A miña sona estendeuse e apareceron empresarios que morrían por investir os seus cartos no meu proxecto. Eu estaba alucinado, dicían que o meu invento logo sería coñecido polos nenos e nenas de todo o mundo!!!.

A xente comezou a mirarme doutro xeito. Era o prezo da fama!

Pero non pensesdes que todo foron cousas positivas. A outra parte implicada, é dicir, os profesores, non estaban dispostos a quedar cos brazos cruzados; así que deron un contragolpe: no departamento de tecnoloxía inventaron un aparello que anulaba os efectos do "Catiusco". Cada vez que había un exame os profesores chegaban con aquel dispositivo nas mans. Así remataron as carreiras ao baño.

Foi entón cando perdín aquela batalla, porque a cousa foi máis alá...

Como podedes comprender, os pais e as nais puxéronse de parte dos profesores e esixiron no xulgado a retirada inmediata do mercado daquel trebello que tanto ben nos facía aos nenos.

Sorprendentemente, o xuíz deulles a razón e o "Catiusco" pasou a mellor vida.

Sonche cousas de "maiores", que se escapan ao noso entendemento!

Malia aquel primeiro fracaso non se veu abaixo a miña vea inventora, senón que seguíu investigando anos e anos na procura do mellor rendemento escolar co mínimo esforzo.

Un día, cando eu viña de cumprir os trinta anos, ía camiñando pola rúa e atopei un neno sentado nun banco. Chamoume a atención, porque estaba en horario escolar, así que lle preguntei que facía alí. Respondeume que estaba colgando clase porque non aturaba máis aos profesores, que estaban empeñados en facerlle a vida imposible.

De súpeto souben que aquel neno ía ser amigo meu e colaborador na creación dun novo invento, que desta vez só sería coñecido polos nenos lacazáns ... aqueles que non estudaban. E só de cando en vez poderían botar man del os semivagos.

Esta vez bautizamos o invento como "I.P.P", ou o que é o mesmo: "Incomprendidos polo profe".

Consistía nun preparado máxico que vertíamos enriba da mesa do mestre , e que producía uns tremendos ataques de tose que impedían dar clase. E desta vez, para que ninguén nos descubrise, decidimos que só se podían botar dous sobres de preparado ao día en cada clase.

Migueliño, o meu socio, probouno no seu colexio e contoume encantado, que daba resultado. Estaba feliz, sorría sen parar e eu pensei que por aquel sorriso ben pagaba a pena seguir inventando cousas para favorecer aos nenos.

Así que nunca poñades a proba a imaxinación dos máis pequenos, porque non ten límites.

E lembrade : cando a un profesor lle dea un forte ataque de tose no medio dunha clase, ao mellor é que algún dos vosos compañeiros ou compañeiras verteu na súa mesa un sobre de "I.P.P".

2º PREMIO: Ana Ferreira Reguera 2ºB**O ANEL DE LUZ**

iSocorro, perséguenme!. Todo está escuro. Eu corro sen saber moi ben cara a onde.

Non hai nin unha farola, nin un coche, ningún á vista... Eu sigo escapando, alguén me persegue... Non miro nada pero noto unha presenza tras de min. Teño a gorxa seca, e sinto coma se tivese as pernas e máis os brazos agarrotados. Quero avanzar a máis velocidade, pero as miñas pernas van lentas, moi lentas. Os meus brazos pésanme. Todo o meu corpo parece de chumbo. Non podo máis. E de repente, alá ao lonxe, vexo unha luz, por fin!. Parece que se move, que cada vez está máis cerca... Entro no triángulo de luz, e párome. Mentres collo folgos e descanso,



comezo a ver que hai por aquí... Ao meu redor todo está iluminado, pero o resto é escuridade: unha escuridade sen principio nin fin, que está aí, coma un pozo sen fondo. A luz é producida polo reflexo dun anel de ouro moi brillante dentro dunha gran caixa cunha porta frontal que está aberta. Achégome lentamente. Eu recordo ese anel. Pero, de que? Entón volvo sentir a presenza de alguén tras de min. Vólvome. Estarei soñando? Se o estou, por favor, quero espertar... Vexo unha persoa aproximándose. Non a recoñezo, pois leva a cara mirando para o chan, pero a súa maneira de andar resúltame familiar, ao igual que esa pequena chepa que case pasa desapercibida e que se forma ao botar os ombreiros cara adiante ao camiñar... Quero saudalo, pero non podo abrir a boca. Que raro, antes, ao correr, abría e pechábaa para coller e soltar aire, pero agora, é coma se a tivese amarrada con algo áspero que me fire. Esa persoa segue camiñando cara a min, e cada vez me resulta máis familiar... de repente, ergue a cabeza. É o meu tío Antón! Menos mal: el coidou de min e da miña irmá cando morreu meu pai. Achégome para darlle unha aperta, pero... Qué lle pasa? Mírame cun estraño sorriso sanguinario. Unha man, nun peto da chaqueta, e, na outra, un revólver. Quédome sen alento, comezo a marearme, aquilo non podía estar pasando. Nunca vira nos ollos de Antón ese brillo demoníaco. De repente, levanta o revólver e oio un forte ruído. Sinto unha dor punzante no brazo dereito, levo ata alí a outra man, toco algo quente e vexo saír o sangue a cachón. Quero berrar, pero non podo. Da miña gorxa non sae ningún son. O sangue segue a correr e o seu olor maréame. Miro ao meu tío para pedirlle unha explicación, pero el ri a gargalladas. Pero que está facendo? Non, outra vez non, por favor. Quero dicirle que pare. Novamente esa dor punzante, agora na perna esquerda, e un regueiro de sangue empápame o pantalón. É coma se estivese a vivir un *déjà vu*. O meu tío bota a correr cara á escuridade, levando a luz con el e deixándome alí tirado, desangrándome. Miro a caixa, baldeira, sen o anel. A medida que Antón se vai, a intensidade da luz diminúe. Comeza a remitir a dor e quédome durmido.

Esperto nun cuarto moi branco: as paredes, as sabas, as portas, a venda do meu brazo e a miña perna... Un momento, estou nun hospital... Logo, non foi un soño. Eu estaba... onde estaba? E el? O home que me disparou... Antón, o meu tío... Sinto molestias no brazo dereito e na perna esquerda. Pecho os ollos, oio voces... A miña irmá e máis a miña nai acaban de entrar no cuarto. Meu deus: teño que contarllelo, pero sigo mudo... Esa voz...é o meu tío! Como ten a cara de presentarse aquí despois de deixarme malferido? Volvo abrir os ollos, e desta vez véxoos a todos.

- Meu filliño, case nos deixas... Que preocupados estabamos!... Xa verás como te recuperas... Todo vai saír ben...

É a miña nai, cos ollos vermellos de tanto chorar. Treme. O meu tío pásalle a man polo lombo.

- Non!- berro- Non a toques! Vaite! Asasino!

Pero non me oen ou que? Chamo a miña nai... Non escoito a miña propia voz. Ela mírame con cara de compaixón:

- Tranquilízate meu filliño. Non podes falar. Polo medo e máis o susto, as túas cordas vocais están inflamadas. Os médicos din que é cuestión de tempo. O primeiro é curar esas feridas do brazo e da perna...

Tento berrar outra vez, mirándoo... O meu tío está a consolar a miña irmá. Non entendo nada. Que é todo isto?

- Lembras que che pasou, meu rei?

Movo a cabeza de esquerda a dereita, moi amodo. Aínda que eu lembrar, lembro: Lembro a escuridade, o revolver, o meu tío e a luz... a luz do anel naquela caixa.

- Cóntoche: entraron pola noite a roubar na túa casa- quen fala é a miña irmá- Coma es sonámbulo, ti debeches erguerse do leito e ir cara a eles. E claro, disparáronche. Menos mal que pasou por diante da casa o tío Antón, oíu os disparos, mirou saír dous homes correndo e entrou a socorrerte. A policía xa anda a buscar a eses delincuentes.

Ah, entón foi iso! ¡Que alivio! Co susto e o medo que pasei, seguro que me confundín. Pensar que el me disparara...que tontería. Consigo tranquilizarme un pouco.

- Así, meu fillo, reláxate que xa pasou todo.

Miña irmá continúa o seu relato, mentres el me mira con tranquilidade:

- Romperon a fiestra da cociña, foron cara o teu despacho e abriron a caixa forte, pero non levaron nada. Os cartos seguen alí... Non sabemos que andarían a buscar.

Na miña caixa forte non gardaba nada especial: algúns documentos, só importantes para min, e uns poucos cartos.

Entra a enfermeira e pídelles que me deixen só, para poder descansar.

Miña nai bícame: -Adeus meu fillo.

Entón lémbrome. Na caixa forte tamén había algo máis...

-Irmanciño, que descanses. Ata mañá.

O anel... aquel anel que me me deixou meu pai: *"Meu fillo, este anel ten un valor incalculable. Non che podo dicir por que, pero asegúroche que hai xente disposta a matar por telo. Gárdao ben e non llo contes a ningún"* Lembro que me pareceu feiño, pouca cousa, aínda que tiña uns diamantes en forma de serpe. Brillantes, iso si, moi brillantes...

- Ata mañá, sobriño querido.

Estamos sós no cuarto. Antón apoia a súa man sobre o meu brazo san. Só uns segundos, pero suficientes para mirar... o anel brillando no seu dedo!.

Os seus ollos volven ter un aire sanguinario, desafiante...

Quero berrar, pero non podo.

3º PREMIO : Xunqueira Ézara Nogueira 1ºA**O AMULETO DE AFRODITA**

Hai séculos en Grecia reinaba un deus sobre todos os demais, Zeus!, pero non era o único. Segundo a lenda a deusa Afrodita naceu das augas ao caer nesta os xenitais de Urano. Afrodita estaba casada con Hefesto, pero ela amaba a Ares.

O día despois da súa voda, ela tratou de explicarlle que amaba a Ares, pero el non a quixo escoitar.

Ela víase moitas veces con Ares ás agachadas, xa que o seu amor estaba prohibido. Nun dos seus encontros Ares regaloulle un amuleto, era un medallón de ouro cunha esmeralda no centro, e púxollo na súa delicada gorxa. Afrodita xuroulle que nunca o sacaría en proba do seu amor por el. Cando pronunciou estas verbas ese amuleto empezou a brillar con moita forza e intensidade, iluminando a súa beleza e a súa vida.



Dende ese día ela nunca sacou a xoia.

Hefesto, observouna. Preguntoulle de onde sacara ese medallón. Ela, moi nerviosa, díxolle que llo dera unha amiga moi querida. Hefesto, con toda a súa rabia, sacoullo da gorxa dun tirón e examinouno. Despois de ollalo pausadamente, sospeitou que era de Ares, o amado da súa muller. Colleu o amuleto, foi preto do mar, e... lanzouno con todas as súas forzas! Nese momento, Afrodita caeu ao chan desmaiada, como se lle arrincasen un anaco do corazón ou da alma.

A deusa non volveu ser a mesma, estaba moi debilitada e pálida, o brillo dos seus ollos esvaeceuse na soidade como o seu amuleto na fondura do mar. Sabía que ao non ter o seu medallón, tamén perdía a súa inmortalidade de deusa.

Ares púxose a buscar no mar coa axuda de Poseidón. Estaba desesperado porque sabía que perdería á súa amada. A búsqueda non tivo resultados. Era moi estraño porque Poseidón era o rei dos mares e os coñecía como a palma da man. Afrodita, cada vez máis débil, non podía facer nada por axudar xa que non se podía mover. O seu pelo encanecía, as súas mans enrugábanse, o seu corpo encollíase.

Hefesto asombrouse tanto pola transformación da súa esposa, que temeu ser castigado por Zeus. Así que tamén se puxo a buscar, pero sen ter éxito.

Un día Afrodita sen esperanzas de volver ser como era antes recibiu a visita de Ares, o seu amado. Os dous pensaron algo para que ela volveuse ter o amuleto na súa gorxa. Estaban tristes e desconsolados, sen saber que facer.

A deusa, desesperada, comezou a chorar. As bágoas puras tocaron a súa cara, e nese intre, do propio mar saíu unha luz de cor esmeralda, era unha luz cegadora!, que encheu de alegría e beleza a triste cara dela. Os amados olláronse, parecía un sinal, sabían o que tiñan que facer, era a súa derradeira esperanza. Daría resultado?

Afrodita tirouse ao mar, estaba espida, a maxia guiouna ata o amuleto e o puxo sobre a súa gorxa. Ares entón empezou a ver o brillo dos ollos da amada, volvía de novo a renacer das augas cristalinas, tenue, doce, máis fermosa que antes. E escoitou unha delicada voz, provinte dos beizos da deusa:

“Hefesto, marido, roubáchesme a alma, pero os que me queren devolvéronma. E eu a cambio, só lles entreguei o meu infinito amor”.

M^a XOSÉ

Querida M^a José:

Son xa seis anos nesta Illa, e o barco te leva a outros mares.

A dúbida existencial pesa nas nosas cabezas. Agora que te vas, todos pensamos no mesmo: Quen nos vai berrar e poñer firmes?

Quen nos vai chamar "a grito pelao": "Raiña, Rose-Mary, Mikel, Toñi, Xose, Belenchiña, do Pazo, Salinas, Moni, Ali, Lore, Elvi, Nuria, Conde, Rafa, Gama, Javierito, Pereira, Don Fernando, Brasa, o meu Luis... e outros apelativos tan ben acertados como cadela, candonga.....cos que nos recibes de boa mañá.

Grazas pola túa dedicación, sempre ben disposta.

Grazas polo teu traballo, a túa efectividade e a túa laboriosidade.

Grazas por ese soplo de aire fresco neste centro.

Grazas por ser alegre, atrevida, divertida e con ese punto de retranca galego-portuguesa, dunha muller de Verín.

Porque a vida necesita de xente que vaia dicindo a verdade por diante, sen pelos na lingua. Eso ás veces doe, mais se é verdade é verdade, e hai que aceptala.

Poucas son as persoas que te coñecen, pois a túa coiraza é grosa e forte, máis a túa debilidade é a debilidade dos demais. Dáste ante calquera persoa que sofre ou que é débil, sexan alumnos, pais/nais, aos que visitaches con algún de nós cando estiveron enfermos, ou cando nós, os profes, o estivemos tamén, sempre pendente de que todo estivese en regra. Aturáchesnos pacientemente porque sempre nos faltaba un papel ou non traíamos a baixa no seu debido momento. As túas chamadas facíanos rir e dábanos ánimos dos bos.

Todo ten un inicio e unha fin, mais todo fin pódese transformar nun novo comezo. Fomos os teus compañeiros e agora queremos ser os teus amigos.

A túa gargallada e a túa voz quedarán omnipresente nestes corredores agardándote, pero sobre todo nos nosos corazóns.

Desexamos que o novo barco que tomas te leve a novos mares, facendo dos teus soños unha realidade.

Con cariño, os teus compañeiros.



A ESTUPIDEZ ALCANZA A DIMENSIÓN NORMAL

MONTUNOS E INDIFERENTES

Parten os cristais, derruban as árbores, esnaquizan canto queren e aquí non pasa nada.

Vivimos nunha sociedade irresponsable, pero non por esa manada de montunos, descerebrados e “mal educados” que se fan donos da noite senón polo resto que mira para outro lado.

Temos chegado a tal grao de estupidez que ninguén sabe, ninguén mira, ninguén acusa a uns “merdeiros” que sistematicamente adícanse a escachifar a propiedade de todos nesta vila. Esa tropa de energúmenos ten o costume de causar danos nos centros escolares como diversión; e ninguén sabe, ninguén mira, ninguén acusa.

É posible que na mente da maioría estea interiorizada a idea de que os centros educativos pertencen ao profesorado, ao alcalde ou quizais ao presidente do goberno. Pois non, os miles de euros que custou cada centro, os miles de euros que custa mantelos son vosos, das familias deste pobo, forman parte das vosas propiedades coma cada casa na que vivides.

É a vós a quen vos ROUBAN parte dos cartos que deberían ir a mellorar os medios para ofrecerlle a cada xoven desta vila unha oportunidade de mellorar na vida, de seren libres polo coñecemento, de seren homes e mulleres responsables porque aprendan a pensar por si mesmos.

Só desde unha sociedade enferma e estúpida se pode comprender a impunidade, a indiferencia coa que se observan estes feitos e case cun sorriso de complacencia coma se dunha trasnada dun neno se tratase. Roubanvos diante dos fuciños, rómpenvos as cousas que son vosas, lixan as vosas propiedades e ninguén sabe, ninguén mira, ninguén acusa.

Así imos avanzando cara o reinado dos montunos, ouveadores da noite mentras esperamos a que nos poñan un garda en cada metro para que vixíe, porque ¡ como iso non é meu !.

Imaxino a escea: Ja, ja, ja, ja,... é que me parto, rompéchesme dous cristais, unha persiana, tres árbores e unha porta, ja, ja, ja, ja. Mellor así xa non compramos ordenadores nin libros, nin faremos tanta actividade, e ademais o bonito que me queda o instituto así de escachifado: ¡Que pasada!

Non me sorprende a xenreira cara a cultura e a educación dese gando formado por montunos descerebrados, homínidos de primeira xeneración, o que me alporiza é a indiferencia coa que actúan diante de todos como valentes, sen que se sintan avergoñados, criticados, marxidados, sinalados pola xente de ben, sen que sintan a xenreira e sen que teñan que pagar o que nos quitan.

Os centros educativos son de tódalas persoas desta comunidade, pero vosos de verdade, coma voso é o centro de saúde, o pavillón, as papeleiras, as plantas, é tan voso coma cada obxecto dos que tendes na casa e ninguén ten dereito a rompérvolo, a lixalo ou a roubalo.

Non entendo esa falsa solidariedade que tapa aos culpables, que os ten como amigos, que nin siquiera lles di que está mal o que fai, e que segue a ir con el de festa, de paseo ou

Así que se cadra o futuro será un tempo dominado por montunos e indiferentes a non ser que se enchan as rúas de “ muita, muita policía; muita, muita, policía” que cantaba Sabina. Se chegamos a esa situación non vai vir motivada pola plaga de “mal educados”, descerebrados, recollechatolas, chupalimóns, sácalloteto, pintamonas. Non; vai vir pola indiferencia, a falla de compromiso e de valentía do resto, dos que agachan a cabeza, dos que non saben, non miran e non acusan.

Asdo. Roberto (con dos xx)

NAI

¡Nai!,

Chegarei alén do mar e matarei a fame,

A miña fame,

A túa fame,

A nosa fame.

¡Nai!,

Xa cheguei ata alén do mar

E teño fame,

A miña fame,

A túa fame,

A nosa fame.

¡Nai!,

Voltarei desde alén do mar

Con miradas alleas,

Con mans baleiras,

Coas portas pechadas.

Coa soedade invisible

dun estranxeiro rexeitado,

famento,

pobre e escravizado.

Asdo. Hamas sen Hamar

CADRO DE GAÑADORES DO – I DUATLÓN ILLA DE SAN SIMÓN**1º ESO FEMININO**

ANA PEREIRA 5:36

ROSA MARTÍNEZ 5:52

SILVIA ESTÉVEZ 6:44

1º ESO MASCULINO

HÉCTOR CASADO 4:49

ANTÓN GARCÍA 4:51

MIGUEL GONZÁLEZ 4:51

2º ESO FEMININO

ANA GONZÁLEZ 11:09

ALEJANDRA MÉNDEZ 11:31

FÁTIMA RAMÍREZ 11:44

2º ESO MASCULINO

SAMUEL RODRÍGUEZ 8:45

PABLO ORGE 9:05

DAVID BLANCO 9:35

3º ESO FEMININO

NAIR MARTÍNEZ 9:28

LÍA DOCAMPO 10:13

PATRICIA MÍGUEZ 10:14

3º ESO MASCULINO

DANIEL VIRULEG 8:38

XURXO FREITAS 8:43

RICARDO DOMÍNGUEZ 9:14

4º ESO FEMININO

CARMELA 12:30

XEILA FERVENZA 12:35

MARÍA CABAILEIRO 13:40

4º ESO MASCULINO

LUCAS REGUERA 8:56

ABRAHAM LAGO 9:02

HUGO ÁLVAREZ 9:16

GAÑADORES ABSOLUTOS:

1º ESO: David Pérez

3º ESO: Francisco J. Couñago

2º ESO: Borja Calvo

4º ESO: Diego J. Domínguez

GAÑADORES DO PREMIO COLECTIVO DO I DUATLÓN IES ILLA DE SAN SIMÓN

1º e 2º ESO

- 1º POSTO: 2º ESO C
- 2º POSTO: 1º ESO C
- 3º POSTO: 1º ESO B

O gañador vai recibir unha clase colectiva de AQUAEROBIC.

3º e 4º ESO

- 1º POSTO: 4º ESO A
- 2º POSTO: 3º ESO C
- 3º POSTO: 3º ESO A

O gañador vai recibir unha clase colectiva de AQUAEROBIC.

GRACIAS A COLABORACIÓN DE AQUAEROBIC.





GENERAL KNOWLEDGE QUIZ

This is a good opportunity to test your intelligence. Choose the answer based on your first impulse. Count your score and have fun!

1.- Is there a Fourth of July in the United Kingdom?

- a- Yes b- No

2.- Some months have 31 days: how many have 28?

- a- 1 b- 6 c- 12

3.- Is it legal for a man in the UK to marry his widow's sister?

- a- Yes b- No

4.- Divide 20 by $\frac{1}{2}$ and add 10. What's the answer?

- a- 20 b- 50 c- 40

5.- There are six apples on a table and you take two. How many do you have?

- a- 4 b- 2 c- 6

6.- A farmer has 17 cows and all but nine die. How many are left?

- a- 8 b- 17 c- 9

7.- How many animals of each sex did Moses take on the ark?

- a- 1 b- 0 c- 1

8.- How many 2 cent coins are there in a dozen?

- a- 2 b- 6 c- 12

9.- Which is heavier: a Kg. of iron or a Kg. of straw?

- a- 1 kg. of straw b- 1 kg. of iron c- both weigh the same.

Check your score on page: 63

VISITAMOS O PRÍNCIPE FELIPE

Hai dez anos que participamos nas Xornadas de Portas Abertas do I.E.S. "Príncipe Felipe" de Pontevedra, os seus profesores dannos a benvinda cordialmente e percorren connosco as súas instalacións para que os nosos alumnos vexan que existen outro tipo de centros educativos con talleres de distintas ramas da formación profesional que o noso sistema educativo ofrece. Esta visita ten como obxectivo evitar/previr o abandono escolar por parte de aqueles alumnos que pertencen ao grupo de risco. Alumnos con 15 ou 16 anos que verbalizan que queren deixar de estudar. Son os menos, pero dende o Departamento de Orientación tratamos de darlles unha saída educativa e profesional, e que vaian ao mundo laboral cuns coñecementos mínimos para desempeñar satisfactoriamente o seu traballo. Para estes alumnos existen os chamados PCPI Programas de Iniciación Profesional. Outro dos nosos obxectivos coa visita, está dirixido a aqueles alumnos que continuarán os seus estudos despois de rematar a E.S.O. e cursarán un ciclo formativo de grao medio. Viron os talleres de preimpresión e impresión de artes gráficas, ciclos que ofrecen saídas laborais inmediatas; e outros como: farmacia, carpintería, mecánica, viveiros e xardíns,



Este ano tamen visitamos o I.E.S." Carlos Oroza" de Pontevedra, con toda unha serie de posibilidades en ramas de Hostelería e Turismo. Presenta unhas instalacións de bar, restaurante e unha ampla cociña digna dos mellores chefs, así como a representación dun hotel, recepción e habitación, cuarto de plancha e lavandería, onde os alumnos aprenden a ser unos bos profesionais.

Na visita, Lali e máis eu, observamos como os nosos alumnos abriron os ollos con ilusión ante a realidade que lles espera.

Manoli del Palacio - Departamento de Orientación



PIRAGÜISMO







RETOS MATEMÁTICOS:



1.-DIXITIGRAMA:

A figura da dereita está formada polos dez números do 0 ao 9, tal e como aparecen nun reloxo dixital (na figura de embaixo recordamos cómo aparecen ditos números no reloxo). Os díxitos non están xirados nin superpostos, e non sobra nin falta ningún segmento. Serías capaz de identificar todos os números no diagrama?





2.-PARTICIÓNS DE TABOLEIROS:


O seguinte taboleiro ten un burato (figura da esquerda). Existe a posibilidade de dividilo en dúas partes que teñan a mesma forma, pero non o mesmo tamaño (figura da dereita). Serías capaz ti de dividilo en tres partes coa mesma forma?, e en catro?, e en seis?



3.-PARTES IGUAIS:


A figura que tes á esquerda aparece á dereita dividida en dúas partes iguais. Serías capaz de dividir en dúas partes iguais as figuras que aparecen debaixo desta primeira? OLLO: Non tes por qué seguir as liñas de puntos para facer as divisións.






4.-APILANDO MOEDAS:

Considera cinco pilas de moedas con unha, dúas, tres, catro e cinco moedas cada unha (como na figura). O obxectivo do xogo é ir desprazando moedas dunha pila a outra para obter ao final as pilas na orde contraria (primeiro a de cinco, despois a de catro, a de tres, a de dúas e a de unha). Para facer eses “desprazamentos” hai normas. Só se poden mover moedas dunha fila a outra contigua (que estea á dereita ou á esquerda) e só se pode desprazar un número de moedas que sexa divisor propio do total de moedas da pila da que partimos. Consideraremos divisor propio a calquera divisor que non sexa igual ao número que estamos a considerar. Así, dunha fila con cinco moedas só poderíamos mover unha, pois só hai dous divisores (positivos) de 5, o 1 e o propio 5, que non valería. Dunha fila con seis moedas poderíamos mover unha, dúas ou tres. En cantos movementos es capaz de facelo? Proba tamén con 6 pilas e con 7 pilas de moedas.



VISITA AO ZOO DE VIGO



O pasado mes de marzo, as alumnos e alumnas de 1º fomos ao Zoo de Vigo.

Vimos animais de moitos tipos: aves, mamíferos, réptiles, diversos invertebrados, etc.

E os monitores ensináronnos algunhas cousas moi curiosas e interesantes sobre algunhas especies.



Tamén houbo cousas que non nos gustaron tanto, e algún mesmo se lle puxeron os pelos de punta.


As serpes, metidas en urnas de cristal, non daban moito medo. Se estivesen soltas, xa sería outra cousa.

Tocar esa araña?? Nin de broma!!



Compañeiros valentes e atrevidos exploraron o terreo pola súa conta. Ata houbo quen se perdeu polas instalacións e logo contou increíbles aventuras entre leóns, ras velenosas e xoaniñas salvaxes.

Outros trataron de conxeniar con outras especies ...



Pero as outras especies estaban mellor ó seu rolo: xogando, pacendo ou tirados á bartola.


Que boa vida a destas bestas!



A NOSA PÁXINA

Dende a ventá da Illa de San Simón imos presentarvos a nosa propia ventá que abre as portas á nosa intimidade profesional amosando os traballos desenvolvidos no noso departamento, que por ser este ano o primeiro neste camiño sen fin e sen volta atrás, só amosará as posibilidades que ten para toda a comunidade educativa.


Estamos a falar da nosa páxina Web. <http://centros.edu.xunta.es/iesilladesansimon/>




Con isto queremos lograr que se convirta nun servizo útil ,dinámico para alumnado, as familias, o profesorado e o persoal non docente .

Converténdonos así nun centro educativo que se incorpora á sociedade do coñecemento dixital e aposta polas novas tecnoloxías .

Nesta páxina non só teñen protagonismo os departamentos, os alumnos... senón que tamén se pode desenvolver o labor docente, a través dunha aula virtual, Moodle é basicamente unha plataforma de teleformación ou formación a distancia. Esta ferramenta permitirá xestionar dun xeito sinxelo as actividades do alumnado. Pretendemos que sexa unha ferramenta de traballo presencial na aula e no fogar, de xeito que o profesorado poida dispoñer dun espazo para organizar as súas unidades didácticas, repositorio de documentos, espazo de intercambio e comunicación.



Como se pode ver, desenvólvense unidades didácticas do currículo, con actividades interactivas, como as feitas no proxecto Newton de Experimentación didáctica na aula (EDA). Tamén para reafirmar o traballo do alumnado, verase a satisfacción que merece o seu esforzo, poden realizar unha proba de autoavaliación e comprobar os coñecementos adquiridos.



Isto fixémoslo realidade cun grao de aceptación bo, moi bo como se desprende dos comentarios dunha alumna que vén de facer esta experiencia novidosa nas aulas:

"Gustoume moito este tema e esta avaliación porque traballamos nós sós, sen que o profesor estivese enriba nosa, encantoume."

"Non atopei unha das preguntas que aparecía na avaliación. A da pila."


"Traballamos moi ben con este novo programa e sinceramente gustoume moito máis facelo co ordenador que da outra forma."

"Tamén me pareceu moi interesante o da electricidade no fogar, posto que agora sei algo máis sobre o que en realidade temos na casa ,foi algo divertido, agora xa sei algo máis."

"Tamén me pareceu interesante o das instalacións eléctricas domésticas,os conceptos parecéronme moi ben."


"Sobre a electricidade pareceume todo estupendo, xa que máis ou menos o que é a corrente alterna, a corrente ... etc, máis que antes aprendín, ao mellor é pola forma de estudalo, pero gustoume moito máis."

Podedes ver distintos traballos feitos polos alumnos/as e o profesorado.




TRAIZÓN


ANDRE E KEILY 4ºA











SOLUCIÓN - General Knowledge Quiz

Check your score

	a	b	c
1.	1	0	-
2.	0	0	1
3.	1	0	-
4.	0	1	0
5.	0	1	0
6.	0	0	1
7.	0	1	0
8.	0	0	1
9.	0	0	1

7 or more: You are the new Einstein! Congratulations! You can be proud of yourself.


4- 6: Good! You are on the right line. You need to concentrate more on the questions.

3 or less: Perhaps you didn't try hard enough. Don't worry. You will probably be successful next time.

Still not sure?

For more information on the answers ...

... Ask the English Department!



ALBA AMOEDO RODRÍGUEZ